

Escavacións no Castro de Zoñán (Mondoñedo), 2002-2003

Abel Vigo García

Resumo:

O presente artigo é unha presentación do xacemento Castro de Zoñán e dos resultados obtidos nos dous primeiros anos de traballo, no que se continuaron as escavacións arqueolóxicas iniciadas por Villaamil no século XIX.

Entre os restos recuperados destacan dúas moedas de bronce e abundante Terra Sigillata Hispánica procedente de Tricio.

Destos traballos conclúese un momento final de ocupación do castro que se movería entre os séculos II ó IV d.C.

Palabras chave:

Asentamento castrexo de época romana, TSH, moedas bronce, fase final do castrexo.

LOCALIZACIÓN PROVINCIAL




Ilustración 1: Localización Provincial e plano xeral do Castro de Zoñán.

Presentación dos traballos levados a cabo.

Os traballos levados a cabo no Castro de Zofián durante os anos 2002 e 2003 naceron da idea da posta en valor social do xacemento en cuestión.

Esto fixo que se encauzasen os traballos arqueolóxicos cara á búsqueda de respostas científicas sobre o momento de habitación e as características xerais da mesma. Unha vez obtidos os resultados correspondentes dos traballos pasaríase á difusión dos mesmos e a sinalización e explicación do feito co fin de chegar a un aproveitamento social pleno.

Plantéxase a colocación de mesas interpretativas in situ que se leva a cabo no ano 2004, así como a elaboración de nove paneis explicativos para a difusión itinerante dos primeiros resultados, serie que pode ser ampliada segundo se vaian obtendo resultados e se vaia avanzando nas investigacións.

A realización de todos estes traballos non serían posibles sin a estreita colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela –a través do Departamento de Historia I- e o Exmo. Concello de Mondoñedo que se poñen a traballar de forma conxunta a través de convenios firmados para tal fin.

Os compromisos firmados nestes convenios son, para o Concello de Mondoñedo, acadar a financiación (que se fará través da iniciativa comunitaria Leader+ xestionada pola Asociación Terras de Miranda) e para, a Universidade de Santiago de Compostela, crear un equipo científico asesor. Este equipo sae do Departamento de Historia I e está encabezado polo Prof. Dr. D. Fernando Acuña Castroviejo, pola Profa. Dra. Dna. Raquel Casal García e pola Profa. Dra. Dna. Pepa Rey Castiñeira.

Historia das investigacións.

A Croa de Zofián foi descuberta ó mundo científico por Villaamil y Castro en 1878¹, relatando como fixo traballos de escavación na zona. Aquí cita os materiais atopados consistentes nunha cuncha de bronce, nun mango de ferro e nunha folla de ferro e complementa esta explicación con un plano das dúas estruturas atopadas por el.

Posteriormente estes traballos terán ecos na literatura científica especializada, pero sin ser aportacións de campo novas ata chegar a Francisco Mayán Fernández que realizará traballos de prospección a mediados do século XX. Os resultados da mesma son un plano topográfico da Croa e un machado de talón e aneis atopado durante a mesma que publicará en 1962 nas actas XXVI Congreso da Associação portuguesa para o progreso das Ciencias onde o presentara previamente. Este congreso celebrouse en Porto².

Posteriormente voltará a retomar o tema de Zofián na parte adicada á prehistoria da súa Historia de Mondoñedo³, pero sin presentar aportacións novas.

Así, ata o ano 2002, non se retoma a investigación no Castro de Zofián, sendo o segundo Castro que se escava na comarca da Mariña Lucense e o primeiro en case 50 anos⁴.

¹ Villaamil y Castro, J. (1878), *Los Castros y las Mámoas de Galicia*, Madrid –separata do Museo Español de Antigüedades.

² Mayán Fernández, F. (1962), “Castros Gallegos Elaneobrigenses”, XXVI Congreso da Associação portuguesa para o progreso das Ciencias, Porto –Separata-.

³ Mayán Fernández, F. (1994), *Historia de Mondoñedo*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo.

⁴ Alonso del Real, C. e Fernández Rodríguez, M. (1966), “Castro de Fazouro. Memoria provisional”, *Noticario Arqueológico Hispánico*, VIII, Madrid
Chamosos Lamas, M. (1965), “Excavaciones arqueológicas en el Castro de Fazouro, en Foz (Lugo)”, *Noticario Arqueológico Hispánico*, Cuadernos 1-3, Madrid.

Resumo dos traballos arqueolóxicos realizados.

Durante estes dous anos (2002 e 2003) leváronse a cabo traballos de limpeza, topografía, prospección e escavación arqueolóxica.

Os traballos de limpeza e topografía centráronse na área chamada Croa posto que sería a primeira afectada polos traballos ó ser propiedade do Concello de Mondoñedo. Así retirouse todo o arbolado e procedeuse a un levantamento topográfico sobre o que plantexar os traballos de escavación.

Prospección arqueolóxica.

A noticia de xacemento, como antes se indicou, xa ven de antigo, pero en ningún momento se daba unha limitación para o mesmo, de tal forma que se pensaba que tiña unha superficie menor do que hoxe, segundo os resultados destes traballos e a toponimia atopada no lugar, podemos plantexar.

Os traballos de prospección podemos resumilos na seguinte ficha⁵:

Situación	O Rego de Zoñán		
Parroquia	Os Remedios	Concello	Mondoñedo
Mapa	1:25.000, edición de 1998 (24-I)		
Coord. UTM_X	630.076	N	43°25'48"
Coord. UTM_Y	4.809.637	W	07°23'40"
Altitude	325		
Propiedade	Concello / Privada		
Accesos	Dende o Lado N accédese directamente á croa. Dende o Sur-Leste a través de camiño empedrado.		
Observacións	Conta un veciño (Germán) que un ancestro atopou <i>“unha ola con ouro. Dentro da ola foi, logo, unha muller na festa da árbore en Mondoñedo”</i> . A ola existeu –é dubidoso que saíse do castro- e hai unha foto da mesma publicada nun recente estudio sobre a música en Mondoñedo ⁶ , pero a referencia é unha lenda como outras moitas que se poden atopar sobre o mesmo lugar <i>“aquí os mouros xogan ós bolos”</i> , -indicándonos unha parte do Castro-. Para saber como era este xogo de bolos Lence Santar explícaos ben na súa obra <i>Etnografía Mindoniense</i> ⁷ , e ademais explicao referente a unha zona próxima ó Castro.		
Descrip. Xeográfica	Nun espolón de media montaña hacia o val. Controla unha importante área visual		
Descrip. Xeolóxica	Baixo a superficie do xacemento preséntase un substato pizarroso, pero no entoro hacia norte e noroeste o chan é granítico..		

⁵ Esta ficha aparece publicada, en parte, en: Vigo García, A. (2004), “Noticia de Escavación arqueolóxica no Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo) Campañas 2002 e 2003”, Gallaecia, Universidade de Santiago de Compostela Departamento de Historia I, Vigo García, A. (2004) “Carta Arqueolóxica do Concello de Mondoñedo”, Boletín do Museo Provincial de Lugo n.ºXI, Diputación Provincial de Lugo, Lugo.

⁶ García Doural, A., e García González, M., (2002), *A Música en Mondoñedo*, Imprenta Suc de Mancebo, Mondoñedo. (Imaxe da páxina 112).

⁷ Lence Santar y Guitián, E., (2000), *Etnografía Mindoniense*, (Edición Armando Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela.

Vexetación	Arboreda (eucaliptos e outras especies autóctonoas, pero en minoría) –na zona norte- Praderías na zona sur.		
Correntes de Auga	Pasa ó lado norte o Rego de Zoñán		
Recursos	Agrícolas e gandeiros fundamentalmente, planicies ó Oeste do Castro.		
Conservación	Parece estar en perfecto estado. Os danos derivarían de traballos agrícolas.		
Eixo maior	450	Superficie (Ha)	7,8
Eixo menor	175		
Accesos ó recinto	Ó Castro accedese dende o suroeste de forma natural, posto que non hai pendente. Na zona sur consérvase un camiño empedrado que sae a unha das terrazas do Castro.		
Recinto	Todo o recinto presenta muros dalgún tipo e algunhos máis enterrados que outros. Croa está cerrada por muros posteriores ó abandono desta zona. Pódense apreciar estruturas soterradas.		
Defensas	Gran pendiente polo Leste e Sur. Norte e Oeste podería ter algún tipo de defensa feita, pero non se conserva.		

Escavación Arqueolóxica.

Definición da área de traballo e metodoloxía e rexistro.

A área de escavación arqueolóxica abarcou un área aproximada de 270 m² dividida en cuadrículas –orientadas ó norte- de 4m x 4m e subdivididas estas en Unidades de Rexistro de 1m x 1m, dando lugar a 16 U.R.s en cada cuadrícula, empezando a contar dende a parte superior esquerda da mesma.

O punto 630.104 / 4.809.639 considerouse o punto central dun eixo de coordenadas e así fóronse identificando, de esquerda a dereita, no eixo X, as diversas culumnas de cuadrículas de 4m x 4m coas letras do alfabeto: A, B, C, D.

Así tamén, por outra banda, fóronse identificando, no eixo Y e dende o punto central do eixo de coordenadas: os números 1 // -1 // (...)

Este tipo de rexistro deu lugar ó seguinte (orientado ó norte):

Este é o plano das cuadrículas nas que se realizou o traballo arqueolóxico e que se empregaron como puntos de referencia para as estruturas e obxetos atopados.

Os traballos iniciados en 2002 abarcaron un área de 160 m² onde non se agotou a potencia arqueolóxica. Esta zona foi retomada en 2003 e ampliada ta os 270 m².

O sistema empregado foi o de escavación en área aberta.

Rexistro.

Os materiais cerámicos recolléronse indicando cuadrícula, UR e Unidade Estratigráfica (UE), só se triangulaban nos tres eixos cando se trataba dunha macha cerámica –acumulación alta de cerámica..

			D 3	E 3
		C 2	D 2	E 2
	B 1	C 1	D 1	
A -1	B -1	C -1	D -1	
A -2	B -2	C -2	D -2	
A -3	B -3	C -3		
A -4	B -4			
A -5	B -5			

Os elementos metálicos, líticos, vitreos e ósos trianguláronse nos tres eixos, ademais de indicar cuadrícula, UR e UE de procedencia.

Todos os datos tomáronse en mediadas absolutas UTM, posto que o levantamento topográfico, feito nos traballos previos, permitiu o establecemento dun parrillado para toda a zona en puntos UTM apropiados. Estes, posteriormente, establecéronse en campo con Estación Total.

Estratigrafía.

A área de traballo afectada polo estudio arqueolóxico presenta unha estratigrafía complexa, fundamentalmente polas alteración atopadas no transcurso dos traballos.

Os principais elementos que complexizan a estratigrafía de Zoñán son as escavación de Villaamil e o feito de que a zona sexa un área onde se realizaron traballos agrícolas durante moito tempo e que conseguiron arrasar estruturas ata niveles moi próximos á súa fundación.

Os traballos de Villaamil foron definidos no 2002, pero complétanse, definitivamente, no 2003 ó chegar ó fin das súas catas –localizadas na vivenda n.º1 e n.º2-

Polo que se refire ós traballos agrícolas estes afectaron á zona Norte da área de traballo. A todas as cuadrículas con n.º positivo, isto é, B1, C1, C2, D1, D2, D3, E2 e E3. Aquí os muros presentaban só unha fiada ou algo máis, pero a estrutura estratigráfica podía verse de forma clara: Superficie, Capas de Humus antigas, Capa de derrubos, Superficies de muros, Ocupación, Chan/Pavimento, Outras ocupacións anteriores.

Todos estes elementos, que configuran a estratigrafía de Zoñán para a área afectada, onde xa se rematou a valoración polo esgotamento do potencial arqueolóxico, artéllanse en 56 Unidades Estratigráficas e 3 Niveis de Ocupación.

Dos tres momentos de ocupación que se constatan, dous están relacionados con estruturas e pavimentos. O terceiro é máis complexo de ubicar, porque parece presentarse un pavimento baixo un muro que está desmontado na súa parte baixa (Villaamil no século XIX), a este terceiro momento non se asocian materiais cerámicos.

A partir de aquí temos definidos dous momentos moi claros con materiais arqueolóxicos –cerámicos- que nos fan pensar nunha ocupación da zona entre os séculos II d.C. a IV d.C.

Elementos como a cerámica “Gris Cociña”, Morteiros e a TSH configúranse como os puntos onde se apoya esta afirmación cronolóxica, á espera da datación de C_{14} que está a facer no CSIC dunha serie remitida entre os que se atopaban carbóns de larería do segundo momento de ocupación do xacemento.

Esta hipótese irase complementando a medida que avancemos na análise dos elementos do xacemento: estruturas e materiais atopados e novas valoracións no entorno.

Estructuras

Presentación de estruturas.

O Castro de Zoñán, en xeral, presenta varias estruturas en superficie, unhas que funcionan como delimitadoras de espazo e outras como muros de contención. Ademais destas, por suposto, temos estruturas de nova aparición, tras os traballos arqueolóxicos levados a cabo durante estes dous anos.

En primeiro lugar analizaremos as estruturas de superficie, centrándonos naquelas que se atopan na Croa e, fundamentalmente na área escavada.

Despois presentaremos as estruturas relacionadas coa ocupación antiga e farase un esbozo da evolución construtiva das mesmas, establecendo unha serie de fases.

Muros en superficie.

Todo o xacemento está surcado por muros e estos delimitan, hoxe, o espacio físico e o intelectual, isto é, a maioría destes muros dividen terreos con diversos propietarios, pero tamén dividen zonas con nomes diferentes e ligados a zonas que se poden vincular a este xacementos: Croa, Croa,...

Durante os traballos só puidemos valorar o muro perimetral da Croa posto que os que supostamente funcionan como muros de contención están en terros de propiedade privada. Este presenta dobre muro ou muro simple dependendo da zona e a súa fundación constatouse sobre os derrubos en determinados puntos da área de traballo, mentras que noutras presenta os alicerces sobre os muros antigos da ocupación que estamos a estudar.

Ademáis hai que indicar que varias das estruturas da ocupación galaico-romana presentan portas baixo os alicerces deste muro ou –fora da base do muro- hacia o que sería a zona exterior do mesmo.

Así, tras os traballos, podemos plantexar que o muro perimetral que se ve rodeando a Croa é posterior ó abandono do xacemento -na área sometida a estudio- sin poder precisar unha data concreta de fundación. (Data posterior ó s.IV d. C.).

A topografía propia da Croa esténdese entorno a 2 metros máis aló do límite actual marcado por este muro. Ó fin desta superficie atópase un muro marcando ese límite que sí podería ser o borde da Croa contemporáneo da ocupación.

Futuras valoracións da área exterior poderán dar máis datos que permitan manter esta hipótese ou descartala.

Vivenda n.º1

Trátase dunha estrutura rectangular, pero con unha diferenza mínima co que pode dar idea de totalmente cadrada. Presenta as súas esquinas moi ben definidas e unha área interior aproximada de 13 m². A vivenda está fundada sobre rocha nai na súa parte Norte e presenta o acceso orientado ó NE.

Atopáronse, ademáis, restos de ter feito lume –sin estrutura asociada- sobre un pavimento de xaibro na parte SE.

Vivenda n.º2

Constituída por dous espacios: leste e oeste. Presenta unha área total aproximada de 36 m².

Espacio Leste:

Está constituído por dous muros. O primeiro deles son os restos dunha estrutura cadrada ou rectangular –non está completa- reaproveitada para constituir esta vivenda. As esquinas deste muro preséntanse fortemente achaflanadas. Esta estrutura pérdese baixo o muro perimetral da Croa.

Adosado a este muro temos un segundo muro que discorre formando un ánulo de 110° con relación ó anterior.

Este espacio presenta dúas lareiras cos seus respectivos pavimentos superpostos, indicando dúas ocupacións.




Ilustración 2: Estructuras ó remate da escavación do ano 2003.

Espacio Oeste:

Este espacio da vivenda n.º2 está constituído por catro muros:

Os dous primeiros discorren de NE a SW e constitúese en dúas fases. Corren en paralelo a un dos muros da vivenda n.º1.

O terceiro deles é un muro divisor interno que pertence á primeira ocupación constatada para esta vivenda e preséntase incrustado no pavimento.

O último discorre por debaixo do muro perimetral.

Esta zona presenta dous pavimentos que se superpoñen e responden a dous momentos ocupacionais.

Vivenda n.º3:

Esta é unha vivenda rectangular duns 11 m² con tres muros dun grosor que se move en torno ós 0,70 m. e un cuarto muro dobre de 0,97 m. para ubicar a lareira nese punto. O acceso á mesma sitúase hacia o sur.

Esta vivenda presenta unha lareira constituída por unha gran laxa de pedra (agora fragmentada) con unha pedra rectacgular con esquinas arredondadas no borde como reforzo.

Espacio n.º1:

Atopouse, ademáis, unha serie de muros que pechan un espacio con varios accesos e con varios buratos de poste no seu interior. Este é o espacio máis grande da área de escavación con uns 46 m² e presenta un punto de acceso hacia o W, un hacia o E – hacia o muro perimetral- e outro hacia o N, enbocando directamente coa vivenda n.º3.

Este espacio está definido por muros de diversa factura e fundación.

Os buratos de poste poden indicarnos algún tipo de estrutura vexetal de cerre (burato no medio dunha entrada ampla) e de cubrición (o resto).

Valoración global de estruturas.

As estruturas atopadas durante o transcurso da escavación arqueolóxica no Castro de Zañán conforman un conxunto de vivendas de diversa tipoloxía e vense complementadas por un espacio intermedio murado que non presenta unha función definida, pero que se pode interpretar como zona de almacén, área de traballos cuberta, etc. zona de usos múltiples en definitiva.

Pero estas estruturas que atopamos presentan unha evolución. Non son contemporáneas no tempo sinón que foron evolucionando o longo do período de ocupación constatado nesta zona.

Todas as formas que se presentan nas vivendas tenden hacia a liña recta, hacia o cadrado, respondendo á época que se lles supón de uso, en pleno mundo romano⁸.

Primeiro momento construtivo.

A construción máis antiga que se conserva, non está enteira sinón que está fragmentada e é a que máis tende a ser redondeada, pois os chafláns que configuran os seus ángulos están fortemente marcados.

A esta construción podemos supoñerlle un pavimento, pero a afirmación é dubidosa posto que non se puido ver físicamente o feito debido ós traballos de Villaamil.

⁸ Faremos unha evolución de estruturas dende o primeiro momento construtivo ó último considerando o primeiro o máis antigo e o último o máis moderno.




Ilustración 3: Evolución costructiva da zona e reconstrucción de dúas das vivendas¹.
Reconstrucción infográfica feita nos talleres gráficos de Suso Peña (Ribadeo –Lugo–)

Segundo momento constructivo.

Unha vez derruída esta construción máis antiga, lévase a cabo un aproveitamento da mesma, empregandoa como base para engadirle novos muros e ir conformado un novo espacio: engádese un longo muro en dirección N-S, constrúese a primeira lareira e o pavimento máis antigo que se conserva desta estrutura e supoñemos que se constrúe un muro en dirección E-O para cerrar o espacio, tal como puidemos observar durante os traballos.

Xunto con estos anexos hacia o Norte fanse unha serie de estrcutras hacia o Sur da mesma: engádese un muro –que logo se verá cortado- que apoia directamente nel e que presenta un pavimento de xaibro moi compactado con unha división interna de pedra e unha saída hacia o Este –hacia o que hoxe é muro perimetral da Croa.

Terceiro momento constructivo.

O terceiro momento constructivo é o que lle da a configuración definitiva á zona. Aquí engádense o muro que discorre E-O cerrando o espacio leste da vivenda n.º2, así como a segunda laleria e o pavimento superior.

Engádese, tamén, dende o que queda do muro máis antigo e a partir del hacia o Oeste, un novo muro que imbrica nos restos do mesmo e cerra o Espacio n.º1 polo sur.

A continuación do muro que se engade no momento constructivo 2 (á estrutura máis antiga) polo sur colócase outro muro que fai unha “L” cerrando o espacio oeste do que será a vivenda n.º2. Este muro está fundado no pavimento antigo, pois nel atópanse as trincheiras de fundación do mesmo e corta a parte antiga que presenta unha saída hacia o Este.

Para rematar de configurar o espacio n.º1 constrúense o resto dos muros –muros norte e oeste.

Por último e independentes do resto das estrcutras aparecen as dúas vivendas cadradas e ben definidas no espacio (vivendas n.º1 e n.º3).

Materiais**Cerámica. Plantexamento xeral.**

A análise da cerámica local levounos a valorar os bordes como primeiro indicador para identificar vasos cerámicos, tanto de formas abertas como cerradas. Aquí debemos engadir os vasos de TSH –aquí inclúense bordes, pazas e fondos individualizados-, posto que se valoraron en epígrafe á parte.

Chegados a este punto identificamos asas que non podiamos asociar a ningún borde e logo aquelas panzas siñificativas que tampouco se podían vincular de xeito directo.

Para rematar clasificáronse os fondos de cerámica e a partir destes identificáronse unha serie de vasos diferentes que foron tratados como independentes dos bordes para a clasificación, pero que temos que considera que entre eles hai relación, posto que o número de fragmentos de bordes e de fondos é moi semellantes e presentan unhos diámetros propicios para corresponder ós mesmos vasos –salvo excepcións-.

Así temos que falar dun total de 508 vasos ós que se poderían restar 145 vasos que foron identificados a partir de fondos independentes, 11 a partir de asas e 21 a partir de decoracións. Estamos pois a falar dun número de vasos cerámicos que se move entre os 331 e os 508, incluída cerámcia común e TSH. Chegados aquí debemos indicar que hai

elementos formais clasificados como tal pero non identificados como vasos ou asociados a algún xa establecido debido ás características dos mesmos.

TSH. Análise.

As cerámicas Sixilatatas atopadas na Croa de Zoñán son, todas elas, de facturación Hispánica moi probablemente dos talleres de Tricio –na actual Rioja-.

O total das mesmas son 252 fragmentos que responden ós tipos seguintes: TSH Forma 7, TSH Forma 15/17, TSH Forma 27, TSH Forma 29, TSH Forma 29/37, TSH Forma 37 e TSH Forma 40. Como se pode ver son formas lisas e decoradas, pero ademais temos un número importante de formas indeterminadas que poden pertencer a estas ou a outras formas.

De todos estos fragmentos establecéronse un total de 41 vasos a partir de bordes, colos, panzas e fondos con un predominio importante dos bordes.

Distribución vertical de fragmentos de TSH.

Os restos de TSH atopados aparecen fundamentalmente nas UE's do Nivel 1, mentres que no Nivel 2 só parecen sobre o pavimento do segundo momento de ocupación da parte oeste da vivenda n.º2 –só aquí e na zona leste desta vivenda constatamos o segundo momento ocupacional dentro de vivendas (o outro lugar foi no espazo n.º1, en zona de almacén)-.

A raíz do feito da aparición de formas de TSH no Nivel 1 e Nivel 2 podemos constatar un momento de ocupación –Nivel 2- breve e unha última ocupación máis longa –Nivel 1- posto que aquí conviven TSH con cerámicas propias do século IV e seguintes como Morteiros, Cerámica Gris Cociña e algún colo de xarra característico, pero estes elementos verémolos máis adiante.

Aparecen nas UE's fértiles en material –UE's de ocupación- e nos derrubos das estruturas, podendo indicar isto a existencia de elementos -como estantes- nas paredes das estruturas. Isto explicaría, ademais, irregularidades internas das paredes como pode ser un oco na parte interna dun dos muros da vivenda n.º1

Elementos a destacar da TSH.

Debemos indicar tamén que, na cerámica TSH atopada, constatamos elementos interesantes como son un graffitti e dúas marcas de alfar.

O graffitti atopado está nun fondo de TSH 37 e nel parece poderse ler **VALI**.

Polo que se refire ás marcas de Alfar temos dúas que estudar⁹:

Marca n.º1.

Inscripción: O[...]**A**

Forma: TSH 37

Vaso: 110

Descrición: Localizado na parte interior dun fondo cerámico.
Inscripción feita con letras de 0,2cm.
Selo inscrito nun rectángulo de 3,15cm. x 0,5cm.
Rectángulo situado na parte interior dun círculo de 4,9 cm de diámetro.


⁹ O estudio das mesmas esta a facerse no Departamento de Historia I –Área de Arqueoloxía-, por parte do Prof. Dr. Caamaño Gesto. Así que aquí so facemos unha presentación dos datos á espera da súa publicación.

EXEMPLOS DE MATERIAL CERÁMICO ATOPADO DURANTE AS CAMPAÑAS



CERÁMICAS DE IMPORTACIÓN
TERRA SIGILLATA HISPÁNICA PROCEDENTE DE TRICIO

TSH 15/17




TSH - Marcas Alfar

TSH 40




TSH 37

TSH Indeterminada






TSH 37





CERÁMICAS DE PRODUCCIÓN LOCAL

Formas Abertas



Formas Cerradas



Cerámica "Tipo Corredoiras"




Ilustración 4: Cerámicas de importación (TSH) e produción local.

- Estudio:** A mala conservación do selo fai que sexa moi complexo o seu estudio, posto que non hai referencias suficientes.
- Marca n.º2.**
- Inscripción:** OF·ST[...]
- Forma:** Indeterminada
- Vaso:** 208
- Descripción:** Localizado na parte interior dun fondo cerámico. Inscripción feita con letras de 0,2cm. Selo inscrito nun rectángulo de máis e 2,2 cm. x 0,5cm.
- Estudio:** A mala conservación do selo fai que sexa moi complexo identificar a forma cerámica concreta.

Este tipo de cerámica reúne unhas características na pasta, barniz e decoración que nos fan pensar en que foi producida en Tricio e, polo tanto, pódenos servir para identificar un horizonte cultural definido que podemos encadrar entre os séculos II d. C. a III d. C. perdurando o seu uso –en Zoñán-, tras a súa produción nestos talleres, ata o século seguinte.

Hai que dicir que as formas aparecidas son fragmentos de Formas de uso habitual dentro da produción de TSH, destacando, pola súa escaseza, o anaco de borde da Forma 40¹⁰.

Cerámica de produción local.

Análise

Levouse a cabo un estudio global da cerámica, buscando realizar unha clasificación formal que permita por orde na mesma e ir sintetizando datos para unha zona como é o Norte de Lugo pouco estudiado en escavacións sistemáticas para esta época e en xacementos desta tipoloxía.

Para iso, tentamos relacionar os diversos fragmentos para poder chegar á consecución de formas cerámicas completas ou, o menos, perfiles.

Comezouse cos bordes tentando asociarlles fragmentos, tanto de forma directa como indirecta, a través de varias consideracións:

- Relacións borde fondo en aqueles exemplos reais que conseguimos atopar
 - o temos 6 relacións directas borde/fondo a través de perfiles completos ou de vasos reconstruídos:
 - 25 / 16
 - 23 / 22
 - 18 / 14
 - 17 / 16
 - 10 / 5
 - o por outra bando podemos establecer hipóteses de relación borde/fondo a través da análise dos diámetros dos fragmentos de bordes e de fondos e establecer paralelismos que poden ser corroborados ou descartados a través da análise da procedencia vertical dos fragmentos estudados.

¹⁰ López Pérez, M. C. (2001), Aportaciones al estudio del comercio romano a través de la cerámica de importación: la Terra Sigillata de la provincia de A Coruña, Santiago de Compostela, (tese de doutoramento mecanografiada).




Ilustración 5: Deorações nas cerâmicas de produção local.

- a procedencia –vertical- dos fragmentos en xeral.
- o tipo de pastas da produción cerámica

Como se pode observar a relación directa obtida entre bordes-fondos –en exemplos reais- danos idea de vasos bastante compensados entre borde e fondo, así non debería haber grandes desequilibrios.

No que se refire á procedencia vertical dos fragmentos preséntanse, predominantemente, en UE's de uso ou ocupación, sobre os pavimentos. Isto mesmo ocorre coas formas cerámicas establecidas a partir dos fragmentos. Así a continuidade das formas locais fannos difícil unha clasificación cronolóxica das mesmas, posto que estas repítense nos diversos niveis de ocupación, co que temos que recurrir a cerámicas importación para poder establecer unha cronoloxía aproximada das mesmas, e sempre baseada en estimacións tipolóxicas.

Pola contra as características da pasta cerámica atopada lévanos a pensar en diversas zonas de produción, dentro do produto “local”

En primeiro lugar, e retomando o punto anterior, temos a cerámica de importación: TSH e tamén a cerámica Gris Cociña –polas súas características de calidade-. Logo temos unha cerámica de boa factura, non de importación pero sí de procedencia “rexional”, a seguir contamos con unha produción de calidade pero máis tosca que sería a Local 1 para rematar con outra moito máis basta e de peor calidade que sería a Local 2 con un desgrasante moito maior.

Ademáis de establecer estas formas segundo a pasta podemos indicar que contamos con formas cerámicas feitas a torno alto e a torno baixo, posto que as diferencias derivadas das técnicas de traballo e os resultados derivados da velocidade de xiro do torno fan que sexa bastante claro cales foron producidas dun ou doutro xeito.

Todos estos factores permiten plantexar hipótesis de asociacións formais entre as diversas partes dos vasos, pero precísase dunha maior profundización no estudo das producións locais para poder chegar a unha asociación física fiable de material.

Con todo temos unhas características físicas que se poden observar no conxunto dos achádegos materiais atopados e con predominio da ausencia de decoración (si aparece esta é mínima –salvo excepcións-).

De entre todas as formas cerámicas predominan os facetados sobre o resto. A cerámicas con forma aberta é moi escasa, pero, a pesar desto, conta con varias formas de prato, de taza ou de escudillas, e de diversas calidades –sin entrar en TSH-.

Porcetualmente hai que dicir que entre o número de fragmentos de bordes as formas cerradas supoñen un 80% do total dos achádegos, elevándose esta porcentaxe cando nos referimos a vasos cerámicos, chegando así a un 93%.

Dentro dos vasos cerrados fíxose unha división en flexionados (22%), facetados (50%) e multifacetados (28%) con un predominio, como se observa, dos facetados.

Polo que se refire ás decoracións, dentro da escaseza, predominan os bruñidos verticais e as liñas incisivas na parte alta da panza.

Toda a produción local de Zoñán é bastante homoxénea e coherente co mundo galaico-romano do momento. Constátanse unha formas cerámicas que se repiten durante toda a ocupación do lugar, co se complica a clasificación cronolóxica das diversas formas e fai que se recurran a materiais externos para poder aproximar as producións locais atopadas.

Outras Cerámicas.

Chegados a este punto temos que falar de varias cerámicas en particular que nos permiten complementar a análise estratigráfica: Cerámica Gris Cociña, un Morteiro e un colo de Xarra.

Estos restos pertencen a un mundo máis tardío que o que marca a TSH atopada en Zoñán e, á espera dos resultados das datacións de C_{14} enviadas ó CSIC, sérvennos para axustar a lectura da escavación.

Os materiais aquí indicados apareceron nas UE's pueriores do Nivel 1 co que se corresponden co último momento de ocupación e parecen encadrarse no século IV d. C. de xeito claro. Isto permítenos ver unha longa ocupación dentro das últimas estruturas feitas, co que plantexamos a hipótese de que estas xa estaban construídas cando se empregan as últimas TSH e cando comezan a aparecer novos elementos que marcarán unha nova etapa dentro do mundo romano.

Con estos elementos podemos establecer un último momento de ocupación entorno ó século IV d. C.

Elementos reconstruídos.

Durante o transcurso da escavación e en datas seguintes levouse a cabo unha reconstrución de dous cacharos cerámicos que contaban con un número importante de pezas.

Estos dous elementos son unha Taza e un Recipiente de produción "Rexional" o primeiro e de produción "Local 1" o segundo.

A primeira é unha taza de pasta negra moi fina, con unha asa que presenta unha acanaladura na parte central polo exterior e unha deoración en retícula na parte media da panza enmarcada por dúas liñas incisas horizontais.

O segundo elemento reconstruído é un recipiente de almacenaxe co borde recto, con dúas asas que se atopan na parte alta da panza (so se conserva unha das asas) e con unha liña incisa na parte alta da mesma.

En ambos casos entran dentro do grupo de produción local por contraposición a importación e poderíamos localizalos cronoloxicamente entorno ó século IV d. C.

Estas dúas pezas atópanse expostas nas vitrinas adicadas á Prehistoria no Museo Provincial de Lugo.

Metais.

Dos 356 fragmentos metálicos atopados no Castro de Zoñán, hai que destacar, por riba de todo, o importante volume de achádegos de metal de fundición. Un metal moi ben conservado e sin restos de óxido. Os exemplos que temos deste tipo de materiais non presentan unha forma definida, pero sí presentan unha importante concentración na zona sur da área afectada polos traballos arqueolóxicos nestes dous anos. Tanto é así que en apenas 2 m² apareceron 82 fragmentos. Isto unido a que aparecen baixo unha importante acumulación de material de arxila fai pensar unha estrutura de palla-barro que pode estar relacionada coa produción de metais de fundición.

Esta hipótese aquí plantexada tentábase verificar nas campañas arqueolóxicas sucesivas, posto que a zona onde se deron estas concentracións non veu esgotado o seu potencial arqueolóxico e presentábase, por riba, próximo ó perfil oeste da escavación.

***DIVERSOS MATERIAIS ATOPADOS
EN ZOÑÁN DURANTE OS TRABALLOS
ARQUEOLÓXICOS DE 2002 E 2003.***




Ilustración 6: Reconstrucción de dúas das cerámicas e bronzes atopados en Zoñán.




Ilustración 7: Comparativa de momentos constructivos con momentos ocupacionais constatados en cerámica.

Os elementos de ferro máis abundantes son restos de cravos, visagras, etc. Pero atópanse moi deteriorados e non se pode concretar de que elementos se trata en realidade.

Pola contra o material de bronce presenta, neste caso, maior interese que o resto dos metais, pois apareceron dúas moedas de bronce, un pequeno machado, unha plaquiña e algún outro anaco de metal indefinido.

A machadiña de bronce de (5,4 x 2,5 cm de grosor e 8 gr de peso) apareceu no medio dunha importante concentración de metal de fundición e foi identificada como un pequeno machado, pero a peza en cuestión segue en estudio.

As dúas moedas atópanse nun estado de conservación bastante malo, aínda que unha máis que outra. No caso da primeira moeda aínda se pode facer unha pequena descripción da mesma e chegar, si cadra, a aproximar ó titular da acuñación, pero no caso da segunda isto é imposible. Estas moedas están en estudio.

Moeda n.º1

Material: AE **Módulo:** 2,5 cm x 0,2 cm **Peso:** 6gr

Descrición: Anverso: Busto mirando á esquerda. Sen inscrición lexible.
Reverso: Victoria?. Sen inscrición lexible.

Valoración: Polo peso parece unha moeda do alto imperio, pero as características da peza dificultada a súa localización.

Moeda n.º2

Material: AE **Módulo:** 2,5 cm x 0,1 cm **Peso:** 3 gr.

Descrición: Anverso: Irrecoñecible
Reverso: Irrecoñecible

Valoración: Peza moi fragmentada. Só a constatación de que é unha moeda.

Líticos.

No transcurso dos traballos realizados atopáronse diversos elementos feitos de pedra. Os máis evidentes son os muíños circulares de man, dos que se atoparon moas e durmintes, tanto enteiros como fragmentados.

Outro elemento atopado en gran abundancia son unha serie de elementos de pizarra con un ou dous buratos e de diversos tamaños. Estes funcionarían, segundo o seu tamaño, como pesos para sustentar os tellados de xesta, pesos interiores, eixos de portas, etc.

Hai que constatar a existencia de restos líticos extraídos da natureza e traídos para o castro polo home, estes elementos son os prismas de cuarzo.

Os fusos son elementos relacionados co traballo do tecido e co textil en xeral. O que queda son as fusaiolas e aquí, polo momento, só pareceu unha, co que só se pode constatar a súa existencia.

Debemos indicar a parición dun fragmento dun cunco de pedra dentro do Espacio n.º1. Presenta unha tipoloxía de pía pero o seu tamaño é demasiado pequeno como para selo, posto que mide de diámetro de boca unhos 25 cm. Pode que se trate dun recipiente para esmagar algún elemento natural, posto que non aparece ningún resto de metal no seu interior nin nas proximidades.

Por último debemos mencionar a aparición de cantos rodados como elemento transportado polo home ó xacemento. Aparecen en abundancia. Unhos enteiros ou fragmentados. Queimados ou limpos.

Outros materiais.

Ademáis de todos os materiais anteriormente citados aparecen elementos de vidro e restos óseos.

O vidro atopado non presenta ningunha característica especial que nos remita a centros de produción externos, polo que supoñemos que é de produción local.

Por outra banda os restos óseos pareceron incrustados en zonas duras ou entre pedra. O principal achádego desta categoría é un anaco moi pequeno atopado ó pé dunha lareira que pola súa conformación pode ser un residuo alimenticio que se conservou no lugar por superpoñerlle un pavimento.

Conclusiones.

Os traballos arqueolóxicos levados a cabo no Castro de Zoñán durante os anos 2002 e 2003 permitiron facer unha avaliación bastante completa da área de traballo elexida para as investigacións.

No traballo de campo constatáronse 56 unidades estratigráficas que se poden resumir en tres momentos diferentes de ocupación, ligados ás tres fases constructivas das que xa falamos.

As fases establecidas a través da cultura material son, tamén, tres si nos guiamos pola cultura material, fundamentalmente pola TSH. Isto é, nun momento máis antigo a frecuencia de TSH é escasa, para seguir con un momento de abundancia e, para rematar outro de desaparición.

Poñendo en relación ambos factores vemos como as construcións máis antigas non teñen referencia material, mentres que o segundo momento constructivo estaría marcado pola aparición de elementos de TSH –horizonte que aparece e que se vai incrementando-

Paulatinamente prodúcese un incremento de achádegos de TSH que se teñen que poñer en relación co terceiro momento constructivo, onde a frecuencia de TSH chega ó seu máximo punto.

Así no último momento constructivo producírase o fin do uso das TSH e o comezo do uso dos materiais “novos” (cerámica Gris Cociña, colo xarra e morteiro) dos que palntexamos a hipótese do século IVd.C.

Temos que dicir que os materiais presentan un horizonte moi homoxeneo posto que os elementos “locais” que conviven coa TSH e con outras cerámicas como a Gris Cociña encádranse ben neste arco cronolóxico proposto polas importacións de Tricio.

A partir de aquí podemos falar dun horizonte ben definido para Zofián –ó menos nesta zona- horizonte que se move entre os século II a IV d. C. Estamos, pois, nun mundo culturalmente romano e nun momento de esplendor do xacemento, pois o volume de TSH atopada sobrepasou toda previsión previa.

Bibliografía

- Alonso del Real, C. e Fernández Rodríguez, M. (1966), “Castro de Fazouro. Memoria provisional”, *Noticario Arqueológico Hispánico, VIII*, Madrid
- Chamosos Lamas, M. (1965), “Excavaciones arqueológicas en el Castro de Fazouro, en Foz (Lugo)”, *Noticario Arqueológico Hispánico*, Cuadernos 1-3, Madrid.
- Garabito Gómez, T. (1978), *Los Alfares Romanos Riojanos. Producción y Comercialización*, Bibliotheca Praehistórica Hispana, Vol XVI, na “Segunda Parte. Centro de Producción de Tricio”,
- García Doural, A., e García González, M., (2002), *A Música en Mondoñedo*, Imprenta Suc de Mancebo, Mondoñedo.
- Lence Santar y Guitián, E., (2000), *Etnografía Mindionense*, (Edición Armando Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela.
- López Cuevillas, F. e Bouza Brey, F. (1929), “Os Oestrimnios, Os Saefes e a Ofiolatría en Galiza”, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, Vol II, Santiago de Compostela.
- López Cuevillas, F.(1932), “Os Torques no Noroeste hispánico”, *Arquivo do Seminario de Estudos Galegos*, vol. IV, Santiago de Compostela.
- López Cuevillas, F.(1947), “Armería Posthalstática del Noroeste Hispánico”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VIII, Tomo II, Santiago de Compostela.
- López Pérez, M. C. (2001), *Aportaciones al estudio del comercio romano a través de la cerámica de importación: la Terra Sigillata de la provincia de A Coruña*, Santiago de Compostela, (tese de doutoramento mecanografiada).
- Mayán Fernández, F.(1962), “Castros gallegos Elaneobrigenses” *XXVI Congreso da Associação portuguesa para o progreso das Ciencias*, Porto.
- Mayán Fernández, F.(1994), *Historia de Mondoñedo*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo.
- Monteagudo, L.(1977), *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*, (PBF), Tomo IX, Sección 6, München. Museo Provincial de Lugo (VV. AA.), *Fichas de Catalogación de Xacementos do Museo Provincial de Lugo*, Lugo.
- “Normas Subsidiarias dos Concellos de Galicia” (1991)(Resumen patrimonial), D.O.G. n.º133, 12 de xullo de 1991, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Plan Xeral de Ordenación Urbanística Municipal*, Concello de Mondoñedo
- Ramil Rego, E. et Al., (1995), “El yacimiento de Punta do Castro (Reinante, Barreiros, Lugo). Materiales de superficie y perspectivas”, *Férvedes*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, Vilalba.
- Romero Masiá, A. (1980), “Asentamentos castrexos costeiros no norde de Galicia”, *Gallaecia* n.º6, Dep. de Prehistoria, USC.
- Trapero Pardo, J.(1954), “Una joya de la orfebrería prehistórica lucense. El torques de Burela”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, Lugo.
- Vázquez Seijas, M.(1943), *Lugo en tiempos Prehistóricos*, Junta del Museo Provincial de Lugo, Lugo.
- Vigo García, A. (2004), “Noticia de escavación arqueolóxica no Castro de Zofián (Mondoñedo –Lugo-). Campañas 2002-2003”, *Gallaecia*, n.º23 , Departamento de Historia I, USC, Santiago de Compostela.
- Vigo García, A. (2004), “Xacementos do Concello de Mondoñedo” *Boletín do Museo do Museo Provincial de Lugo*, n.ºXI, Lugo.

- Vigo García, A. (no prelo), "Hachas de Bronce en el Valle de Mondoñedo (Lugo –Galicia-). Una nueva aportación", *Lancia*, , Universidad de León, León.
- Villaamil y Castro, J. (1878) "Pobladores, Ciudades, Monumentos y Caminos Antiguos del Norte de la Provincia de Lugo", en *Boletín de la Real Sociedad Geográfica de Madrid*, Tomo V, págs 81-139, Madrid.
- Villaamil y Castro, J.(1885), *Exposición organizada por la Sociedad Económica de Amigos del País. Objetos que expuso el Sr. D. José Villaamil y Castro*, Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago.
- Villaamil y Castro, J.(1886), *Los Castros y las mámoas de Galicia*.
- Villaamil y Castro, J.(1887), *Memoria sobre la creación de un museo arqueológico en la ciudad de Santiago*, Imprenta del colegio nacional de sordo-mudos y ciegos, Madrid.
- Villaamil y Castro, J.(1900) "Armas, utensilios y adornos de Bronce recogidos en Galicia", *Edad Antigua-Arte pagano-Instrumentaria-Panoplia-Indumentaria*.
- Villaamil y Castro, J.(1907), *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos*, Ourense.
- Xunta de Galicia (VV. AA.), *Fichas de Catalogación do Patrimonio de Galicia*.